

Querido Luis: Non sabes cómo agradecín as tuas verbas, tan xenerosas, tan abertas e tan aleccionadoras. Os amigos coma tí axudan a aturar todas as incomodidades do diario traballo. E as inquiredanzas do país. Estamos confusos, inrritados, sufrindo inxusticias e malas valoracións. Pro, ¿qué vou eu a contarte a tí que tanto levas apañado pola iñorancia e a mala intención dos demáis?

O que escribiches sobor de Malevich e Rodchenko é moi bó, e sorprendentemente adiviñador.

Eu aproveitei o mes de Agosto -as miñas vacacións- para dar unha paseata por Bélxica e por Holanda. Os Memling de Bruxas e o van Eyck de Gante deixáronme estupefacto. O Museo Boymanns-van Beuningen de Rotterdam, que de seguro tí xa conoces, constituie unha mostra sumamente completa do arte do noso tempo. Matinei moito en tí e na tua obra, en tantos respetos ben superiora gran parte da que alí se exhibe. E tomei notas que están xo no meu Xornal. En suma, que voltei fortalecido, tonificado, e con desexos de traballar. O novo libro de ensaios anda, por ende, a ritmo decente.

Agardo o catálogo da tua nova Mostra. Non deixes de remesalo.

Apertas moi cordiales de Elena e miñas para Maruxa e para tí.

E que regresedes axiña. Necesitamos de vós.

Domingo

Tenho carta de otero Eipasaudín. Operárono o día ráncer no colon. Está recuperándose. Peuro que debías escribirlle.